

# A IMPORTANCIA DOS ESTUDOS DE XÉNERO E AS EXPERIENCIAS NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Cristina Justo Suárez, Universidade de A Coruña.

Cristina Justo Suárez ([masterxenero@udc.es](mailto:masterxenero@udc.es)) é a coordinadora do Master de Xénero e Políticas de Igualdade da Universidade da Coruña.

As súas liñas de investigación xiran en torno ao feminismo, ciencia e novas tecnoloxías, así coma a violencia de xénero.

## 1. As mulleres no coñecemento científico.

A universidade ten o papel fundamental de formar nos coñecementos científicos, filosóficos, técnicos. Pero ten tamén o papel aínda máis relevante de crear novos coñecementos, novas propostas teóricas, que non se limiten a reproducir as xa existentes e conduzan cara o AVANCE SOCIAL

A perspectiva de xénero é, polo tanto, FUNDAMENTAL NA UNIVERSIDADE

A ciencia, a educación e a sociedade deben cambiar para recoñecer a experiencia das mulleres. Non é lexítimo nin posible crear coñecementos dos que estean excluídas as mulleres

As orixes da ciencia moderna son as orixes da súa construción como/ constitución en proxecto masculino do que quedaban excluídas as mulleres. Para elo, pódense analizar as institucións que anteceden á nova ciencia:

- Obradoiros artesanais ou gremiais:

As mulleres raramente eran membras de pleno dereito, agás casos excepcionais, coma guerras ou epidemias ou morte do dono sen descendencia masculina. Alí se aprendían as habilidades dos distintos oficios.

- Academias científicas:

Onde se transmitía o coñecemento e a ciencia se institucionaliza coma profesión da que as mulleres quedan excluídas. Os saberes acumulados polas mulleres quedaron fóra do coñecemento científico recoñecido pola sociedade. Invisibilizáronse os traballos e descubrimentos de mulleres. Ás veces, simplemente non podían patentar. É un exemplo paradigmático o da científica Rosalind Franklin, que fotografou a estrutura molecular helicoidal do ADN na 1ª metade do s.XIX, o cal supuxo un claro precedente do descubrimento do xenoma humano. Os seus compañeiros de laboratorio recibiron o Premio Nobel por este descubrimento. R. Franklin nunca puido publicar (nin, claro está, patentar) o seu achado: só puido divulgalo en seminarios da súa Universidad.

- Salóns científicos:

Debates “paraacadémicos” da alta sociedade, onde as mulleres participaban coma moderadoras e captadoras de talentos. Neste momento aparece a figura da FEMME SAVANT ou muller sabia, ridiculizada a partes iguais na literatura e nos escritos científicos (*As preciosas ridículas*, de Molière; *A culta latiniparla*, de Quevedo...) Tradicionalmente, os valores do coñecemento atribuídos á ciencia (e aos homes), foron os seguintes:

- Obxectividade
- Racionalidade
- Cultura
- Concreción
- Dominio
- Fortaleza (ciencias duras)

Fronte aos valores atribuídos á natureza (e ás mulleres), que foron justamente os opostos:

- Subxectividade
- Sentimentalismo
- Natureza
- Abstracción
- Sumisión
- Debilidade (ciencias brandas)

No ano 1868 permítese legalmente o acceso das mulleres á Universidade en España. Non é ata o ano 1988 cando ingresa por primeira vez unha muller na Academia de Ciencias: Margarita Salas.

A entrada de mulleres ao coñecemento institucionalizado supón unha revolución social e tamén na propia ciencia

Lorraine Code, así, sinala: “Rompeamos co coñecemento dominante no preciso momento no que nos cuestionamos se o sexo do suxeito cognoscente é epistemoloxicamente significativo”

Os estudos feministas e de xénero cuestiónanse este punto e proporcionan unha nova visión do coñecemento científico, ó que sinalan como marcadamente androcéntrico e reprodutor da ideoloxía patriarcal (reproducindo asimesmo a subordinación e a

exclusión das mulleres) Este feito de buscar as pegadas do patriarcado no coñecemento científico, filosófico... É un salto nas demandas feministas.

## **2. Os estudos de xénero na Universidade.**

Os estudos de xénero xorden nas Universidades en EEUU na década dos 60: son os chamados Women' s Studies

Non son propiamente froito do esforzo das Universidades, senón do pulo do movemento feminista, que cuestionaba a situación das mulleres en tódolos ámbitos da sociedade. Ligan a experiencia persoal e o coñecemento. A súa meirande contribución foi a creación de círculos de poder académico femininos.

*Dúas funcións son as fundamentais dos estudos de xénero:*

1. Repensar tódalas disciplinas académicas dende unha perspectiva de xénero, poñendo de manifesto o androcentrismo imperante.
2. Crear novos obxectos de investigación, que ata ese momento eran considerados ILEXÍTIMOS no ámbito universitario e pertencentes ao ámbito do privado, ao cal estaban relegadas as mulleres.

*Características xerais dos estudos de xénero:*

1. A súa pluralidade interna e diversidade de enfoques.
2. A súa interdisciplinariedade: en poucos campos científicos teñen converxido tantas disciplinas.
3. A universalidade do seu obxecto de estudo, coas diferencias propias de cada contexto.
4. O seu desenvolvemento e produción intelectuais.
5. A súa puxanza nos últimos anos
6. A súa constante evolución.

*Algunhas demandas que podemos plantexar para os estudos de xénero na Universidade:*

- Que os estudos de xénero e feministas sexan aceptados e recoñecidos pola comunidade académica coma unha liña de investigación e unha teoría sociopolítica de igual valía e relevancia que os estudos tradicionais.
- Que exista unha financiación acorde coa súa relevancia social coma área prioritaria que debe ser.

- Que se formalice a rede de expertas en Xénero existente para que interveñan como avaliadoras non só nos proxectos de investigación en materia de igualdade senón tamén en aqueles que non o contemplan e deberían incluír unha perspectiva de xénero.
- Promover e apoiar en cada Universidade a incorporación destes estudos en títulos de posgrao, creando novas materias e incorporándoos ás xa existentes e creando novas titulacións cando sexa posible.

Sería necesaria unha mínima formación en materia de xénero e igualdade en tódalas titulacións universitarias. Especialmente nas máis “reactivas” ao tema, que casualmente son as mesmas nas que a presenza de mulleres é máis escasa, tanto en calidade de alumnas, coma de profesoras, coma de protagonistas das clases (p.ex. Como científicas, inventoras...) Para tratar de explica-la importancia dos estudos de xénero nas áreas ata o momento non “perneadas” por eles, referireime á área científico-tecnolóxica e ás súas titulacións.

A perspectiva de xénero debe ser introducida nas titulacións da área científico-tecnolóxica, xa que é certo que hai un proceso de feminización do alumnado universitario, pero nembargantes...

- Maior incidencia do desemprego nas mulleres á hora da inserción no mercado laboral.
- Menor salario.
- Teito de cristal ao longo da carreira profesional.
- Conciliación da vida laboral e familiar “só para mulleres”.

As carreiras da área científico-tecnolóxica....

- Son máis demandadas profesionalmente.
- Teñen unha menor incidencia de desemprego en termos xerais.
- Están altamente valoradas socialmente.
- Están mellor retribuídas economicamente.

PERO...

As mulleres representan en torno a un 25% de alumnado total nesta área

Chegando a un 17% en titulacións especificamente tecnolóxicas (telecomunicacións, as diversas titulacións de informática...)

**POR TANTO, É NECESARIA:**

- A educación na igualdade na ciencia e na tecnoloxía.
- A socialización igualitaria na ciencia e na tecnoloxía (familia, medios...)

A INSERCIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA ÁREA UNIVERSITARIA CIENTÍFICO-TECNOLÓXICA DEBE SER UNHA PRIORIDADE.

### 3. Os estudos de xénero na Universidade da Coruña

De tódalas titulacións impartidas na UDC, atopamos só unha materia especificamente referida ao xénero: “xénero e educación” (CC. Da Educación)

Existen proxectos de investigación en temas de xénero a título individual, así coma materias nas que se introduce a perspectiva de xénero por vontade persoal da/do docente.

O Seminario Interdisciplinar de Estudos Feministas da Universidade da Coruña

Ven traballando dende maio de 2001. Pretende aglutinar nun grupo os intereses e traballos individuais dun pequeno grupo de profesoras da UDC que desenvolvían as súas investigacións en materia de xénero.

Obxectivos do Seminario:

- Promover estudos de xénero nas distintas disciplinas académicas.
- Divulgar o coñecemento sobre a situación social das mulleres galegas a través de cursos de verán, ciclos de conferencias...
- Fomentar estudos e investigacións coa perspectiva de xénero e incluír esta perspectiva de xeito trasnversal en investigacións que non a contemplan como obxectivo principal.
- Propiciar encontros con especialistas doutras Universidades para examinar e estar ao día das novas propostas e liñas de investigación.
- Desenvolver e difundir a teoría feminista e as prácticas feministas cara ao deseño dunha nova alternativa social non discriminatoria.

O Master de Xénero e Políticas de Igualdade está dirixido polas profesoras Rosa Cobo Bedia (Socioloxía) e Ana Sánchez Bello (CC. da Educación)

En xuño remata a primeira promoción do curso de Experta (2005/2006: 300 horas) e o primeiro ano do Master (2005/2006-2006/2007: 500 horas). En outubro ábrese o prazo de matrícula da nova edición.

Os estudos de posgrao deben conducir á mellor inserción laboral do alumnado

O Master en Xénero e Políticas de Igualdade da UDC proporciona unha sólida formación teórica en feminismo e estudos de xénero.

Fai asimesmo grande énfase na formación práctica, referida ao deseño, desenvolvemento e avaliación de políticas de igualdade

#### PROGRAMA ACADÉMICO DO MASTER

1. A perspectiva de xénero nas ciencias sociais.
2. Introducción da perspectiva de xénero no ordenamento xurídico.
3. Identidade e socialización de xénero.
4. Familia e traballo non remunerado: reprodución biolóxica e reprodución material
5. Estratificación de xénero. Mercado de traballo e desigualdade de xénero.
6. Feminización da pobreza, exclusión e políticas neoliberais.
7. Xénero e integración laboral.
8. Xénero, política e democracia.
9. Cidadanía e políticas de paridade.
10. Violencia de xénero.
11. A prostitución e o debate sobre o abolicionismo e a regulación.
12. Educación e desigualdade de xénero.
13. Coeducación
14. Políticas curriculares
15. Xénero e medios de comunicación.
16. Multiculturalidade, inmigración e outros colectivos discriminados.
17. Xénero, exclusión social e políticas sociais
18. Xénero e políticas públicas (I).
- 19.- Xénero e políticas públicas (II).
- 20.- Xénero e políticas públicas (III).
- 21.- Xénero e políticas públicas (IV).